



CONCELLO DE REDONDELA

## **ACTA DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DAS OBRAS DA AMPLIACIÓN DA AP-9**

Sendo as 10:00 horas do día 3 de novembro de dous mil quince reúnense, en primeira convocatoria no edificio das oficinas de ADIF en Guixar (Vigo), baixo a presidencia do sr. alcalde do concello de Redondela D. Javier Bas Corugeira as seguintes persoas:

NOME E APELIDOS	REPRESENTACIÓN
D. Arturo González Barbeito	PP
D. Miguel Angel Álvarez Ballesteros	PP
D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> Carmen Amoedo Dasilva	PP
D. Alberto Álvarez Pérez	PsdG-PSOE
D. Roberto Villar Rodríguez	AER
D. José Romero-Amich Nieto	Arquitecto municipal
D. Pablo Domínguez Gómez	Ministerio de Fomento
D. Juan Sanz	AUDASA
D <sup>a</sup> . Ana Fernández Prieto	AUDASA
D. Constantino Castro Campos	AUDASA
D. Pedro Chico López	UTE RANDE
D. Rafael Baltasar Cela Acevedo	As. Afectados AP-9
D. Jesús Vázquez Lorenzo	As. Afectados AP-9
D. Francisco Puch Casal	As. Afectados AP-9
D. Cesar Domínguez Fernández	As. Afectados AP-9
D <sup>a</sup> . Angela Méndez Alonso	AA.VV. de Chapela
D. Juan Corugeira Cabaleiro	AA.VV. de Trasmañó

actuando como secretaria de actas D<sup>a</sup>. Carme Pérez Vaquero, funcionaria do concello de Redondela, para tratar a seguinte ORDE DO DÍA:

- 1. INFORMACIÓN SOBRE ESTADO DAS OBRAS**
- 2. ROGOS E PREGUNTAS.**

Por parte do Sr. Alcalde pregúntase aos asistentes se dan por aprobada a acta da xuntanza anterior ao que contesta o Sr. Juan Corugeira e a Sra. Angela Méndez que queren facer pequenas puntualizacións que enviarán por correo electrónico para que se recollan en acta.

Queda polo tanto enriba da mesa para a próxima xuntanza.



## CONCELLO DE REDONDEIRA

Por parte dos asistentes recórdaselle ao alcalde que se quedara en facer unha xuntanza previa para ver os planos que chegaron o día 23.10.15 pero con tempo dabondo e con apoio técnico.

Pídeselle á Sra. Fdez. Prieto unha explicación dos mesmos ao que indica que se intentou reflexar nos mesmos o tratado na anterior xuntanza e fai unha explicación deles:

**Plano 1.4.-** Intentouse recoller o retranqueo do muro do instituto. Os muros do paso superior se retranquearon o máximo posible. Máis non é viable. A beirarrúa irá polo lado contrario quedando un vial de 9,9 metros de ancho. Indica así mesmo que hai un erro xa que o CT vai soterrado.

**Plano 2.4.-** A Sra. Fernández Prieto fai unha explicación do mesmo indicando que se quitarán os carteis, se ampliará a pasarela para encaixar un vial de 7 m. e farase a rampa no parque infantil.

**Planos 3.4 e 4.4.-** rúa Igrexa coa rúa Pasán. Ampliar o muro ou construír novo muro de contención. Sección A-A. Trasladar o lavadeiro e ampliar máis terreo para encaixar un talude e que sexa estable.

**SUBIDA MOURIÑO (Plano 2).-** Encaixar todo dentro do terreo expropiado para ter un vial de 7 m. de ancho. Repoñer o alumeadado unha vez finalizadas as obras.

Feita esta aclaración pola técnica de Audasa polo Sr. Alcalde iníciase a xuntanza para tratar os asuntos da orde do día.

### **1.- INFORMACIÓN SOBRE O ESTADO DAS OBRAS.-**

**PONTE DE TRASMAÑÓ.-** Por parte da Sra. Fernández Prieto (Audasa) indícase que se vai adosar unha estrutura metálica á actual beirarrúa de 1,24 m. quedando un ancho de calzada de 5,539 m. O Sr. alcalde pide que se abra un turno para preguntas coa finalidade de resolver dúbidas. Toma a palabra o Sr. Corujeira Cabaleiro (Trasmañó) indicando que entende que esta documentación é para empezar a traballar. Reitérase no solicitado de que se necesita unha nova ponte adaptada aos tempos modernos. Indica que é absurdo facer esta ampliación metálica. Non sabe nin como aceptalo. Non se sabe onde empeza e onde acaba e considera que isto non ten nin pés nin cabeza. Pide que se lle acompañe para ver *in situ* o espazo e como é o sitio. Insiste en que iso é o razoable. Considera que isto que se pretende é inútil e non serve para nada. Non caben dous vehículos na curva e iso pode verificarse indo alí. A realidade é ben distinta do que está recollido no plano, parécelle unha solución absurda.

Toma a palabra o Sr. alcalde preguntando se a beirarrúa vai á dereita ou a esquerda e se se suprime o tramo que hai. Pregunta se cumpre con accesibilidade e canto queda de ancho de vial.

O Sr. Puch Casal indica que o normal sería que tivese 7 m. de ancho.



## CONCELLO DE REDONDELA

Novamente toma a palabra o Sr. Corujeira Cabaleiro indicando que a curva esta a 80° e que iso non é unha curva, é unha escuadra, é un *quiebro*. A realidade é que non pasan os coches, hai que ir alí para comprobalo a cuestión é que non hai por onde ir.

A Sra. Fernández Prieto indica que se está recalculando ao máximo e que leva unha pintura especial para non esvarar. O Sr. alcalde indica que efectivamente hai esvaramentos e problemas.

O Sr. Corujeira Cabaleiro insiste en que non hai pilares de formigón que son recheos artificiais e que habería que ir ao proxecto de 1975.

O Sr. Puch Casal indica que efectivamente a ponte é estreita que debería ter unha rodadura de 7 m. como mínimo. A Sra. Fdez. Prieto dí que a zona é imposible ao que lle contesta o Sr. Villar (AER) que sí é posible. Pregunta o Sr. alcalde que como se voa a ponte, se é somente para un lado. Contéstalle a Sra. Fernández Prieto que o vo é somente parte peonil e que a ponte son 7 m. con petril metálico de protección. O Sr. Corujeira Cabaleiro insiste na necesidade de facer unha ponte nova. Toma a palabra o Sr. Cesar Dguez. indicando que se está a falar do acceso a un pobo e polo tanto ten que dárse un servizo completo para o futuro. Por esa ponte teñen que pasar ambulancias e autobuses escolares. Considera que debería facerse un novo estudio modificando a estrutura total da ponte. Non é lóxico que o acceso a un pobo estea deficitario desde hai 30 anos. Considera que hai que dálle un novo tratamento a ese proxecto.

Toma a palabra a Sra. Amoedo expoñendo que agora é o momento de facelo e deixar ese acceso en boas condicións. Pide un maior esforzo por parte de Audasa para asumilo. Non é unha opción o que se propón. Considera que no montante total da obra o que se está a pedir non é nada. Unha ponte nova en condicións para o futuro xa que meter cartos en algo que non resolve os problemas é absurdo.

Contéstalle o Sr. Dguez. Gómez (Fomento) indicando que ata o momento sempre se traballou sobre esa opción. O Sr. alcalde insiste que é agora cando se ven os problemas e que deben solucionarse. O Sr. Cesar Dguez. (Afectados AP-9) insiste na necesidade de modificar o proxecto da ponte.

Toma a palabra o Sr. Sanz (avogado Audasa) facendo a seguinte pregunta: quen é o titular da estrada e quen xerou o crecemento natural vexetativo e edificativo do concello de Redondela? contéstase indicando que é o propio concello polo que se deduce que Audasa non ten porque soportar ese crecemento e polo tanto non se vai tocar esa estrutura. Non se vai facer nada alí. Esa estrada é municipal e non lle corresponde a Audasa esa ampliación. Indica que todo ten un límite.

Toma a palabra o alcalde preguntándolle aos técnicos se é factible levar a cabo as obras de ampliación da ponte porque se está plantexando poder facelo incluso coa axuda do concello.

A Sra. Fdez. Prieto (Audasa) insiste en que está calculado e que é válido o proxecto que é o máximo que se pode ampliar. Estudouse a fondo a solución e é a que se está plantexando.



## CONCELLO DE REDONDEIRA

O Sr. Álvarez Castro (PSOE) indica que podería cambiarse o ángulo, ampliar a estrada para ampliar dese xeito a curva.

Novamente o Sr. Cesar Dguez. (Afectados AP-9) toma a palabra para posicionarse sobre o plantexado polo avogado de Audasa. Indica que o acceso é do concello, iso é evidente pero preguntase quen modificou o que había no seu momento; contéstase indicando que foi Audasa quen fixo un acceso novo porque se realizaron as obras da autoestrada polo que as consideracións feitas polo Sr. Sanz están fóra de lugar e discrepa totalmente delas.

Toma a palabra o Sr. Alcalde indicando que o compromiso non é con Audasa, insiste en que é co Ministerio de Fomento.

O Sr. Cesar Dguez. insiste en que o servizo á parroquia de Trasmañó modificouse e esa ponte non dá servizo ao pobo e que é necesaria unha ampliación da estrutura. O Sr. Puch indica que xa que se está a redactar o Plan Xeral que se inclúan estas obras.

Toma a palabra novamente o avogado de Audasa, Sr. Sanz, para indicar que esa ponte fíxose hai 40 anos e ese acceso foi adecuado en todo ese tempo. Hoxe é insuficiente polo crecemento natural do pobo. Iso é responsabilidade do concello, non de Audasa. Insiste en que eles cumpriron no seu día.

O Sres. Corujeira Cabaleiro e Puch Casal insisten en que esa ponte non a querían facer e que houbo moitísimos problemas no seu día que incluso deron lugar a cargas policiais. As cousas non foron así como as está contando.

Toma a palabra novamente o Sr. alcalde para pedir buscar solucións técnicas que poidan resolver esta problemática. Contéstalle o Sr. Corujeira Cabaleiro dicindo que solucións hai, que se poden facer moitas cousas pero non o que se pretende. Pregunta que pasa cos terreos do outro lado que eran de Audasa e indica que están baleiros e infrautilizados porque era onde estaban as oficinas de Audasa.

Toma a palabra o Sr. Villar (AER) indicando que hai que expropiar os terreos. Indica así mesmo que nas obras públicas existen melloras e nesta non. Por non existir non existe nin reposición de servizos. Indica que isto é un planfeto, que os planos non están asinados por ninguén e que pensa que non valen para nada.

Contéstalle o Sr. Dguez. Gómez (Fomento) dicindo que é un borrador. Novamente o Sr. Villar toma a palabra para expresar que se dixo que non había expropiación nin reposición. En Febreiro de 2010 houbo expropiación e en xuño/2011 expropiacións duplicadas.

Contéstalle o Sr. Dguez. Gómez (Fomento) de que non se dixo nada diso.

O Sr. Villar (AER) indica que en xuño de 2011 Chapela estaba no Contencioso Adtvo. non na Adiencia Nacional. Se estaban duplicando as expropiacións. A sentenza foi en base ás expropiacións do 2010 e non en base as expropiacións de 2011. Ocultouse información. No 2014 se presentan planos de 2011. Está claro que non hai vontade nin polo Ministerio de Fomento nin por Audasa. Están rebaixándose 40 millóns. Parece



## CONCELLO DE REDONDELA

que todo é moi bonito pero a realidade é outra. Nada se corresponde. Isto é unha venganza. O Sr. Del Rio sigue estando aí, pedíuse o seu cambio. Non ten nada contra o sr. Sanz pero AER quere que se cambien estas persoas por outras máis competentes. Que se asesore por técnicos do ministerio e que se poña a disposición do concello documentación técnica onde aparezan as reposicións. Se teñen présa que esperen. Si é certo que non se collen máis terreos e por iso non fai falta Impacto Ambiental. O que ten que facer Fomento é coller as rendas disto.

Toma a palabra o Sr. Sanz (Audasa) indicando que a el non se lle ocorre falar doutro profesional nos termos que acaba de escoitar. Que leva moitos anos como avogado e que a valoración que se está a facer non vai dicir que é falsa pero si que é radicalmente incerta. Indica que os planos expostos no 2010 eran sobre un estudio informativo xa que a Lei de Estradas así o indica e que foron sometidos a información pública. Dentro desa expropiación de 8 m.de zona de dominio. Fomento e Audasa non mentiron, insiste en que iso é radicalmente falso, . O proxecto é posterior ao acordado polo Ministerio de Medio Ambiente de esixencia de Impacto Ambiental. Os proxectos se redactan despois. Se alguén quere pensar outra cousa que o faga pero os feitos están aí e son certos.

O Sr. Corujeira Cabaleiro pregunta se se están modificando as cousas para que exista o menor dano posible.

O Sr. Alcalde di que se hai dúbidas deberán aclararse pero que esta xuntanza hai que facela. Logo xa se verá se valen os servizos técnicos do concello ou ben hai que contratar unha consultoría técnica.

Toma a palabra por alusións o Sr. Dguez. Gómez (Fomento) que non se modifican as expropiacións. Que se ampliou a 8 m. a zona de dominio público para resolver os problemas dos colindantes.

A Sra. Amoedo indica que isto é unha comisión de seguimento das obras de ampliación e se está indo cara atrás. Recalca o Sr. Alcalde que efectivamente Fomento deu a posibilidade a aqueles persoas que se sintan afectadas para que poidan acudir á posibilidade de expropiación.

O Sr. Dguez. Gómez (Fomento) di que non se vai cambiar o trazado. Que debe quedar claro que non se vai cambiar o trazado da N-552. Reitérase sobre o asunto o Sr. Sanz (Audasa) dicindo que iso é imposible.

O Sr. Corujeira Cabaleiro (Trasmañó) expón que facer as cousas ben é cuestión de vontade e de cartos.

O Sr. Puch Casal insiste en que as cousas técnicas teñen que resolvelas os técnicos e o asesoramento debe ser por parte do concello.

O alcalde contestalle dicindo que se vai estudar o tema e que se intentará resolver as distintas cuestións que se poidan plantexar.



## CONCELLO DE REDONDELA

O Sr. Cesar Dguez. (Afectados AP-9) di con referencia ás palabras do Sr. Sanz (Audasa) que a actitude do xuíz foi ridícula. Ríronse de nós. Uns galegos que foron a Madrid. Aquilo non foi un xuízo. Ata os sentaron no chan. A burla e a humillación con respecto do pobo foi terrible por mor dunhas obras especulativas. E hoxe se están pedindo unhas melloras necesarias. Indica que lle resulta indignante seguir falando deste tema.

O Sr. Sanz toma a palabra para dicir que lle consta que Cesar é unha persoa intelixente pero que nestes momentos está sendo demagóxico. Un xuízo non é iso, aquilo non foi un xuízo.

O Sr. Cesar Dguez. toma a palabra para dicir que el non ten estudos pero que leva 60 anos loitando e que non é un demagogo senón un home claro e contundente.

O Sr. Sanz indica que no xuízo presentouse unha boa demanda. Aquilo non foi o xuízo que o recorda ben. Foi nunha sá pequena. Foi a admisión de probas non un xuízo. Isto non ten que ver coa xustiza. Despois diso presentouse escrito de conclusións. Reitárase en que se está a utilizar todo isto dun xeito demagóxico.

**ZONA DO INSTITUTO.-** O Sr. Puch Casal pregunta a canto se retranquea porque hai unha pendente enorme, considera que hai que ter en conta outros planos paralelos e que non se pode concretar agora; que parece que non se está a falar a mesma linguaxe e insiste na necesidade de que o concello faga un proxecto.

Contéstalle a Sra. Fdez. Prieto dicindo que o vial ten 7 m. máis unha beirarrúa de 1,5 m. cun retranqueo máximo do talude. Que haberá que recalcular a nova estrutura e cambiar de lado a beirarrúa deixando unha soa.

O Sr. Cesar Domínguez indica que neste momento hai 2 beirarrúas, unha por cada lateral. Que se cedeu terreo do pobo para ampliar e que non é de recibo que se estén restando constantemente servizos ao pobo.

A Sra. Ana Fernández indica que dixo vial non beirarrúa. Contéstalle novamente o Sr. Cesar Domínguez decíndolle que sabe moi ben o que dixo. O problema é o pilotaxe do talude. Indícalle a Sra. Ana Fernández que é necesario para soportar a novas obras.

O Sr. Pablo Domínguez (Fomento) pregunta que problema se ve nesta solución? Ao que lle contesta o Sr. Francisco Puch decíndolle que se retranquee máis. O Sr. Cesar Domínguez dí que é posible a ampliación da ponte sobre o mar e que non se pode facer isto que é de coña. A Sra. Fernández Prieto indicalle que “iso o dixéchedes vos” e que parece que non “vos poñedes de acordo”. Indica así mesmo que vai sobre pilotes e que non se pode meter máis porque vai unha nova estrutura. O Sr. Puch insiste en que se pode facer un vial de 14 m. Toma a palabra o sr. Alcalde dicindo que iso é unha proposta pero que haberá que buscar outras opinións e estudar o caso para facer outra. O representante do PSOE, Alberto Álvarez, di que fai falta un paso de cebra que non estea en pendente xa que iso non é viable. Respóstalle a Sra. Ana Fernández indicándolle que non hai problema en alongalo e poñelo máis abaixo. O Sr. Pablo Domínguez (Fomento) indica que o acceso é o que é pero que efectivamente pódese poñer máis abaixo. O Sr. Arturo González (PP) di que se o poñen máis abaixo



## CONCELLO DE REDONDEIRA

non se usará e o representante do PSOE pregunta se hai posibilidade de poñelo noutro lado. Toma a palabra o Sr. Alcalde indicando que se pedirá unha segunda opinión.

**CORREOS.-** O Alcalde di que hai que tirar o edificio de correos e poñelo noutro sitio. O Sr. Arturo González indica que unha vez que resolvan os seus problemas internos se moverán.

**CARTEIS PUBLICITARIOS.-** Están en terreos expropiados e que hai que mandar retirar eses carteis. O concello non cobra nada por esa publicidade. O Sr. Juan Sanz (Audasa) pregunta se os terreos están pechados e indica que somente se poderán retirar os carteis que estén sobre terreos expropiados pero aqueles que estean en terreos privados non se poden retirar, e que segundo lle consta somente un está en terreo expropiado, os demais en terreo privado. O alcalde indica que o acceso ao multiusos será xa por conta do concello.

**PARQUE INFANTIL.-** A Sra. Ana Fernández indica que no proxecto aprobado a pasarela non se tocaba. Que se se quere esta rampla pode desprazarse para ter 7 m. en todo o percorrido. O Sr. Roberto Villar (AER) di que non é querer, que ten que haber 8 m. e que isto é consecuencia da ampliación da autoestrada. Contéstalle a Sra. Ana Fernández indicando que a estrutura non se amplía, que somente se desplazan os pilares e que iso é o que estaba recollido no proxecto. O Sr. Cesar Domínguez di que se hai que reducir o parque infantil se cambia de sitio e punto “ou se fan as cousas ben no seu conxunto ou do contrario isto non se pode facer, o que non se pode quitar son beneficios ao pobo. O que se quite dun lado haberá que poñelo noutro”. Contéstalle o Sr. Pablo Domínguez (Fomento) dicindo que iso é o que está debuxado nos planos e que o que se necesita é para ampliar. O sr. César Dguez. insiste en que o que se quita dun lado hai que poñelo noutro. Toma a palabra o Sr. Alcalde indicando que se pedirá unha segunda opinión neste tema. O Sr. Puch contéstalle que o que hai é que pedir unha segunda opinión xeralizada.

**TORREIRO.-** A Sra. Ana Fernández indica que unha pendente de 13,34% é unha pendente considerable. Que hai que demoler vivendas, retranquear muros e facer un novo muro; haberá que sanear o terreo e trasladar o lavadoiro cara abaixo da via facendo a maiores un drenaxe transversal. O Sr. Roberto Villar indícalle que as vivendas están dentro de dominio público. O Sr Pablo Dguez. Di que non é reposición de vial xa que non existe, é un novo vial.

O Sr. González Barbeito indica que lle consta a existencia dun compromiso de 850.000 pts. para estudar esa posibilidade pero que non se chegou a desenvolver. Indica así mesmo que non había proxecto pero que si había intencións.

O Sr. Cesar Domínguez (C. Afectados) indica que parece ser que Audasa non o está vendo como unha reposición senón como unha mellora. O Sr. Pablo Domínguez (Fomento) indica que se non se expropian as casas non se poderá facer ao que lle contesta o Sr. Cesar Dguez. que se as casas desaparecen o vial iría en liña recta e a pendente canalizaría o río e se amortizaría a pendente. O Sr. Juan Sanz (Audasa) contéstalle ao Sr. Cesar Domínguez dicíndolle que hai 40 anos que se fixo o proxecto polo que serían melloras, non reposición, e que respecto das casas están en zona de



## CONCELLO DE REDONDELA

dominio público. Audasa está estudiando as expropiacións. A expropiación das casas é necesaria porque queda dentro de dominio público e que como moito poderase salvar o BAR DORNA que queda fóra dos 8 metros mentres que as outras dúas casas están dentro. Indica tamén que se está estudiando porque ao modificar os muros se modifica tamén a zona de dominio público.

O Sr. Puch Casal di que sería mellor non estudar tanto as cousas e seguir como está.

Contéstalle o Sr. Sanz dicíndolle que as dúas casas caen seguro, fágase ou non o camiño. O Sr. Puch Casal di que existe unha acta de 1980 onde existe un compromiso de 850.000 pts. para un camiño entre Pasán e Torreiro. O Sr. Cesar Domínguez indica que a ubicación do lavadoiro está nos terreos expropiados. Contéstalle o Sr. Pablo Domínguez dicíndolle que nos planos está reflexado o que consta nos arquivos non outra cousa. O Sr. Cesar Dguez. di que os terreos están xa ocupados. O Sr. Roberto Villar pregunta polas parcelas 54 e 55 e indica que se non hai documentación haberá que volver expropialas. Indica así mesmo que o de "gratis é de coña" xa que o custe social é enorme. Pensa que as persoas que falan deberían ter un pouco máis de consideración que as parcelas 57 e 58 están pagadas enteiras e que iso está mal porque xa están ocupadas.

Toma a palabra a Sra. Carmen Amoedo (PP) indicando que, para as arcas municipais é gratis, xa que o concurso era por 3,5 millóns de euros e que se aforraron cartos. Contéstalle o Sr. Alberto Alvarez (PSOE) dicindo que hai que medir as palabras porque se malinterpretan. O Sr. Alcalde indica que as expropiacións foron completas non parciais. O Sr. Sanz di que se hai que expropiar se mete e que depende diso. O Sr. Pablo Dguez. indica que en todo caso sería de acordo coa Lei de Expropiacións.

**PASÁN.-** O Sr. Puch Casal pregunta porque se amplia o camiño 20 m. Contéstalle a Sra. Ana Fdez. de que é para unir a rúa Torreiro coa rúa Pasán. Indica que hai que ampliar 20 m. para deixalo recto, alineado co existente. O alcalde indica que é polo outro lado da autoestrada e pregunta se hai algo que dicir. O representante do PSOE dí que non hai planos e a C.de Afectados indica que non está debuxado. O Sr. Alcalde indica que Aqualia deberá dirixirse á UTE para resolver o tema das pluviais. Se é viable ou non. Non hai problema se é meter un tubo, se é viable faise e punto.

O Sr. Puch Casal pregunta se a auga ao lado do Faro de Vigo é potable ou non. Contéstalle o Sr. Miguel Angel Álvarez (PP) indicando que se fan analíticas arriba e enbaixo e que é potable polo que haberá que canalizala. O Sr. Cesar Dguez. di que se a auga é potable o unico que hai que facer e empezar as obras de canalización.

O Sr. Puch Casal pregunta polos terreos expropiados en Riofrio, indica que haberá que ir ao catastro para localizalos e pedilos para o concello. Hai que comprobar iso.

O Sr. Cesar Dguez. pregunta pola casa de Pasán que está no medio dentro dos 8 m. porque está dehabitada. Contéstalle o Sr. Sanz dicíndolle que estase a estudar xa que está presentada a solicitude de expropiación.





CONCELLO DE REDONDEIRA

**PANTALLAS ACÚSTICAS.-** O Sr. Alcalde pregunta polas pantallas acústicas que non van no proxecto de obras. Pregunta tamén se vai facerse un asfaltado especial xunto coa colocación das pantallas para evitar ruidos.

O Sr. Puch Casal indica que o Ministerio deberá ter en conta o tema das afeccións xa que hai un Plan Xeral en marcha e en Chapela iso pode ser un problema grave.

O Sr. Sanz (Audasa) faille ver ao Sr. Puch que el sabe, coma el, que o solo urbano non se pode desclasificar. Pregúntaselle ao Sr. Arquitecto municipal que afirma que efectivamente os PERI so existen en solo urbano. O Sr. Sanz insiste en que hai que aplicar a lei pero se hai un PERI non se pode cambiar a clasificación do solo. O Sr. Alcalde indica que o Plan Xeral incorporará un PERI. O Sr. Pablo Dguez. (Fomento) indica que a liña de edificación esta reducida a 25 m. en Chapela e Vigo en toda a AP-9 en solo urbano, indica tamén que haberá que definir actuacións de insonorización incluíndo pantallas acústicas e asfaltado novo.

O Sr. Sanz (Audasa) iexpón que boa parte das alegacións presentadas refírense ao impacto sonoro e do que nese momento había un Mapa Estratéxico de ruidos. No proxecto construtivo non se recollían medidas concretas pero hai unha prescripción de que se deben recoller medidas correctoras. Isto debe ser obxecto dese documento que Audasa ten que redactar e posteriormente aprobar o Ministerio.

O Sr. Villar (AER) pregunta que quen vai financiar isto e pregúntallo ao Ministerio, non a Audasa, quen pagará?. Contéstalle o Sr. Dguez. (Fomento) de que calquera actuación a desenvolve Audasa. O Sr. Villar contéstalle que as pantallas non van vir do aire e non vai a ser que despois se reste outras cousas.

O Sr. Puch Casal pregunta sobre a fonte, que cando se vai facer? Contéstalle a Sra. Fernández (Audasa) que a próxima semana e que se a auga é de uso público non haberá problema.

O Sr. Puch pregunta polo transformador. Contéstalle a Sra. Ana Fernández de que é Industria quen ten que aprobar o proxecto. Que o concello aproba a ubicación e logo farse a obra. O Sr. Puch pregunta que se se dará unha licenza á vista dun proxecto e pregunta tamén se xa se sabe onde se vai colocar.

O Sr. Villar insiste en que non poderá estar ao lado dun colexio, por exemplo.

O Sr. Cesar Dguez. Indica que haberá que valorar os desperfectos producidos en vivendas. Contéstalle a Sra. Ana Fernández que había un protocolo de fendas que despois se paralizou. O Sr. Dguez. Indica que el non ten que seguir aguantando iso xa que os problemas van aumentando e non hai resposta. Insiste en que hai danos que hai que abordar xa. Contéstalle o Sr. Sanz (Audasa) decindo que en calquera obra pode haber danos e por iso hai que facer un protocolo e que unha vez que se rematen as obras haberá que tomar as medidas de reparar ou indemnizar, e, no suposto de que sigan as obras e o dano teña que ser reparado con urxencia por ser grave hai que comunicalo. O Sr. Cesar Dguez. reitera a necesidade de que hai cousas graves que hai que abordar xa.



CONCELLO DE REDONDELA

O Sr. Corujeira Cabaleiro (Trasmañó) pregunta polo tema do Castelo e o Paso de Cabanas e insiste en que quere saber como se está levando isto porque como non teñen novas ao respecto necesitan saber como vai quedar todo isto.

O Sr. Roberto Villar (AER) pide unha contestación as preguntas realizadas na anterior xuntanza das que non recibiu contestación:

- 1. si xa está clara a ubicación para trasladar o transformador da estrada o Torreiro?**
- 2. cantas zapatas ten previsto mover o ministerio pasa salvar os restos arqueolóxicos do Castelo de Rande?**
- 3. se se vai a proceder ao corte da saída de Redondela cando as obras cheguen a ese tramo? E por motivo disto si se ten pensado por exemplo, facer unha saída provisional ao caron da actual entrada de chapela?**
- 4. si o ministerio ten un plan contra posibles verquidos accidentais a ría de Vigo e si teñen previsto balizar con barreiras anti-contaminación as lánimas de auga cercanas as obras?**
- 5. como se van a protexer os bancos marisqueiros que están ao caron da ponte e si o ministerio ten pensado algun tipo de compensación, de cara os mariscadores e bateiros, no caso de contaminación dos citados bancos?**

A Sra. Ana Fernández contéstalle con respecto a pregunta núm. 2 de *"Ninguna. Tenemos permiso de patrimonio para realizar las zapatas tal y como marca el Proyecto"*; con respecto as restantes pregunta *"que se están estudiando e se lle dará unha resposta"*.

## **2.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

O Sr. Puch pide que se retiren as vallas que están na entrada á Igrexa que están ocupando parte da beirarrúa. Contéstalle a Sra. Ana Fernández de que se sacarán deixando libre a beirarrúa pero indica que as vallas teñen que delimitar a zona de obras. O Sr. Cesar Dguez. expón que unha señora non caíu de milagro ao tropezar cunha, polo que esixen que se retiren as vallas porque molestan aos veciños.

O Sr. Castro Campos (Audasa) pídlle aos presentes que permitan que se traballe porque nestes momentos é imposible facelo. Contéstanlle desde a C. Afectados de que se está a traballar. Toma a palabra o Sr. Cesar Dguez. para dicir que non se están paralizando as obras e sen embargo non se están solucionando os problemas. Insiste en que quen paraliza as obras é Fomento por non resolver os problemas. Que levan así 30 anos que que non vai permitir que se lles culpabilice dos problemas existentes.

O Sr. Pablo Dguez. (Fomento) dí que Fomento non paraliza e que o que acaba de escoitar non é así. O Ministerio -indica- sigue o trámite de rigor. Son unha serie de persoas as que están paralizando as obras.



## CONCELLO DE REDONDELA

Contéstalle o Sr. Cesar Domínguez (C.Afectados) de que respecta a súa opinión pero que él ten a súa e que a responsabilidade non é deles. Insiste en que as negociacións están sendo ao máximo nivel e polo tanto sítense enganados e defraudados porque non se están poñendo enriba da mesa as solucións aos problemas.

O Sr. Sanz (Audasa) dí sentirse defraudado polo comportamento dos representantes da Comisión de Afectados xa que as obras estanse parando por outras persoas que non están presentes nas xuntanzas pero que o fan. Insisten en que se as obras non andan máis non é por culpa de Audasa, a cuestión é que por acción ou omisión non se pode continuar con elas.

O Sr. Cesar Dguez. contéstalle que como profesional pode entender a postura do avogado da empresa pero que as cousas non son así.

Toma a palabra o Sr. Alcalde indicando que para a próxima xuntanza vaise pedir esa segunda opinión.

O Sr. Villar dí que hai moitísimas cousas que aínda non se sabe como van quedar: Colexio, Centro de Saúde, Castelo de Rande, Trasmañó, e fai as seguintes peticións:

Despois das aportacións gráficas aportadas polo ministerio en materia de reposicións de servizos queda claro de que todo o trazado do proxecto carece das mesmas. Polo exposto rogamos e solicitamos a inmediata paralización das obras en todos os tramos que afectan ao municipio de Redondela ata que non estea aclarada técnicamente a reposición dos servizos públicos do concello de Redondela.

Testemuñas que viviron e viven na zona de Rande aseguran que cando se executaban as obras de construción da ponte de Rande nos anos 70, a torre e os muros do castelo de Rande foron desmontados e as súas pedras numeradas para asua posterior reconstrucción. Reconstrucción que nunca se levou a cabo e as pedras desapareceron. Polo exposto rogamos e solicitamos que o ministerio busque nos informes da obra o paradeiro das pedras usurpadas do patrimonio arqueolóxico. Así mesmo rogamos e solicitamos ao presidente desta comisión que poña en coñecemento de Patrimonio estes feitos avalados por varias testemuñas do lugar.

Despois de ver o estado de inseguridade no que quedou a entrada da AP-9 en Chapela rogamos ao ministerio que se corrixa a mesma xa que aos conductores lles costa moito incorporase e corren risco de accidente.

O Sr. Puch insiste en que xunto cos planos tiña que terse presentado unha memoria descritiva das obras. Indica que o concello tiña que ter técnicos específicos para os temas relativos a estas obras de ampliación e que non é así.

Contéstalle o Sr. Alcalde de que hai un técnico presente que é o arquitecto municipal.

O Sr. Cesar Dguez. Insiste en que ten que ser xa. Que as obras aínda non se paralizaron pero que se poden paralizar máis. Corrobora que todo vai moi lento e insiste en que todo está sen facer.



CONCELLO DE REDONDELA

O Sr. Alcalde dá por rematada a sesión sendo as 13:00 horas do día indicado no encabezamento.



CONCELLO DE REDONDELA

**COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DA AP-9  
03-Outubro-2015**



*Preguntas*

**Rogos**

E sendo as 12:55 horas do día indicado no encabezamento, levántase a sesión do que como secretaria dou fe asinando o alcalde como presidente da mesma.

*Vº e praxe  
O ALCALDE,*

*A SECRETARIA DA COMISIÓN,*

*Asdo. Javier Bas Corugeira*

*Asdo. Carme Pérez Vaquero*